



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Novembro 2021

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Novembro 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un incremento do 27,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 24,3%.
- O Comercio incrementa a facturación o 25,9% e os Outros servizos o 33,1%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta un 2,5% en Galicia e un 4,0% en España respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un incremento do 27,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 3,6 puntos superior á do conxunto do Estado, 24,3%.



O *Comercio*, cun crecemento do 25,9%, achega 18,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 33,1% e achegan 10,0 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 22,9% e nos *Outros servizos* o 27,4%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 33,2%, o *Comercio ao retalho* o 10,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* incrementa a súa facturación un 15,4%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 30,1%, o *Comercio ao retalho* o 14,6% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 5,7%.

Nos *Outros servizos* os sectores que amosan mellor comportamento son: *Transporte*, cun crecemento do 35,6%, co que achega 7,0 puntos, *Hostalería*, que aumenta a facturación un 152,8% e achega 0,9 puntos e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que crecen un 28,1% co que achegan 1,7 puntos á taxa de variación interanual.

En España, os sectores con maior crecemento son: *Transporte* (31,6%), *Hostalería* (117,3%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (31,8%).

No acumulado do ano, a facturación no sector servizos crece un 16,5% en Galicia. O *Comercio* crece un 13,9% e os *Outros servizos* un 24,0%. *Comercio por xunto* e *Transporte* son os sectores que máis repercuten no incremento do índice.

En España a facturación no sector servizos aumenta un 15,5%; no *Comercio* crece un 15,7% e nos *Outros servizos* un 15,0%.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 37,3% no mes de novembro.

O sector que máis contribúe a este incremento é a *Hostalería* (14,5 puntos), cunha taxa do 167,7%.


Nos once primeiros meses do ano, o índice rexistra unha taxa do 21,0%. A *Hostalería* amosa a taxa máis alta, 36,8%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 27,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 37,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de novembro en todas as comunidades autónomas incrementan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos rexístranse en Canarias (40,8%), Asturias (31,6%) e Illes Balears (31,3%). Os menores incrementos rexístranse en Extremadura (17,0%) e Murcia (18,5%).

No que vai de ano, as taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (21,2%), Madrid (17,2%), Galicia (16,5%) e Comunitat Valenciana (16,2%).

Índices de cifra de negocios. Novembro 2021


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta un 2,5% respecto ao mesmo período do ano anterior en Galicia e un 4,0% en España.



O persoal ocupado aumenta un 2,0% no *Comercio* e un 2,9% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás o *Transporte* (-0,8%). O maior incremento de emprego dáse na *Hostalería* (8,1%).

En España, o persoal ocupado crece un 1,7% no *Comercio* e un 5,5% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas, rexistrándose o maior incremento de emprego na *Hostalería* (11,6%).

Nos once primeiros meses do ano, a ocupación aumenta en Galicia o 1,1% e en España o 0,9%. En Galicia o *Comercio* aumenta o persoal ocupado un 0,5% e os *Outros servizos* un 1,5%. A nivel nacional no *Comercio* o emprego crece o 0,3% e nos *Outros servizos* o 1,2%.

O maior incremento do emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, 6,9% en Galicia e 4,3% en España. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, -3,1% en Galicia e -1,7% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de novembro con respecto ao mesmo mes do ano 2020. O maior incremento rexístrase en Illes Balears (12,2%). O menor crecemento dáse en Castilla y León (1,6%).

No que vai de ano, as comunidades nas que máis aumenta o persoal ocupado son Castilla – La Mancha (2,2%) e Murcia (1,9%). Dúas comunidades perden emprego: Canarias (-2,8%) e Castilla y León (-0,1%).

Índices de persoal ocupado. Novembro 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Novembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	137,7	27,9	16,5
Comercio	130,2	25,9	13,9
Venta e reparación de vehículos de motor	114,0	15,4	18,9
Comercio por xunto	136,2	33,2	15,8
Comercio ao retalho	118,8	10,9	7,3
Outros servizos	159,4	33,1	24,0
Transporte	219,2	35,6	35,0
Hostalería	86,2	152,8	25,1
Información e comunicacións	125,4	8,7	2,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	156,6	28,1	22,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,5	2,1	0,9
España			
Xeral	132,2	24,3	15,5
Comercio	136,5	22,9	15,7
Venta e reparación de vehículos de motor	127,9	5,7	15,3
Comercio por xunto	146,3	30,1	19,2
Comercio ao retalho	120,2	14,6	8,7
Outros servizos	124,4	27,4	15,0
Transporte	134,4	31,6	18,1
Hostalería	90,1	117,3	38,7
Información e comunicacións	123,9	10,8	5,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	149,9	11,6	10,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,6	31,8	13,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Novembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	135,3	37,3	21,0
Comercio	128,4	22,1	14,2
Transporte	180,6	25,9	25,4
Hostalería	93,1	167,7	36,8
Información e comunicacións	125,3	8,5	2,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	158,5	37,6	22,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	182,5	33,9	27,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Novembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	132,2	24,3	15,5
Andalucía	127,1	25,5	14,1
Aragón	136,6	22,3	14,8
Asturias	128,8	31,6	14,2
Balears, Illes	91,3	31,3	21,2
Canarias	117,2	40,8	14,2
Cantabria	138,4	20,9	14,0
Castilla y León	125,1	22,2	15,5
Castilla-La Mancha	141,2	19,7	14,1
Cataluña	127,1	22,2	15,0
Comunitat Valenciana	136,9	20,0	16,2
Extremadura	138,8	17,0	11,5
GALICIA	137,7	27,9	16,5
Madrid	139,2	25,6	17,2
Murcia	140,6	18,5	7,0
Navarra	136,8	23,1	13,9
País Vasco	138,2	24,2	15,4
Rioja, La	144,4	23,5	15,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Novembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,7	2,5	1,1
Comercio	109,7	2,0	0,5
Venta e reparación de vehículos de motor	98,4	1,5	-0,1
Comercio por xunto	123,1	1,1	1,0
Comercio ao retallo	104,2	2,7	0,4
Outros servizos	106,2	2,9	1,5
Transporte	103,4	-0,8	-0,1
Hostalería	92,1	8,1	-3,1
Información e comunicacións	114,9	2,9	3,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,1	1,6	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,8	2,2	6,9
España			
Xeral	108,0	4,0	0,9
Comercio	107,1	1,7	0,3
Venta e reparación de vehículos de motor	105,1	1,2	-0,6
Comercio por xunto	112,0	0,8	0,3
Comercio ao retallo	104,3	2,5	0,4
Outros servizos	108,5	5,5	1,2
Transporte	109,1	2,5	0,3
Hostalería	96,5	11,6	-1,7
Información e comunicacións	114,7	3,6	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,1	2,1	1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,7	5,6	4,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Novembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,0	4,0	0,9
Andalucía	105,1	4,3	1,0
Aragón	109,1	2,7	0,8
Asturias	105,4	4,0	1,3
Balears, Illes	96,0	12,2	1,0
Canarias	103,4	5,0	-2,8
Cantabria	107,7	4,1	0,7
Castilla y León	102,4	1,6	-0,1
Castilla-La Mancha	109,2	3,9	2,2
Cataluña	110,0	4,8	1,2
Comunitat Valenciana	111,8	2,7	1,0
Extremadura	105,8	3,0	0,6
GALICIA	107,7	2,5	1,1
Madrid	109,5	3,7	0,9
Murcia	115,9	4,7	1,9
Navarra	109,7	5,0	1,3
País Vasco	106,2	3,2	1,0
Rioja, La	108,1	2,6	0,8

Fonte: INE